Obxectivos:

O 28 de decembro de 2006 entrou en vigor a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo, relativa aos servizos no mercado interior (Directiva de Servizos). Os Estados membros teñen un prazo de transposición de tres anos, ata o 28 de decembro de 2009.

O obxectivo da Directiva é alcanzar un auténtico mercado único de servizos na Unión Europea eliminando barreiras legais e administrativas que limitan as actividades de servizos dos Estados Membros.

É unha grande oportunidade para España e Portugal para reducir moitas trabas en determinados sectores.

Esta nova regulación producirá ganancias en eficiencia, productividade e emprego nos sectores implicados e un incremento da variedade e calidade dos servizos dispoñibles para empresas e cidadáns.

Legalmente, o seu alcance aínda debe concretarse nalgúns puntos e esta cuestión terá repercusión nas actividades do sector da administración e empresarial, e nas súas relacións, xa que determinará o control xudicial e a xurisprudencia posteriores.

Esta Directiva tamén lanza pasos críticos cara a unha integración europea máis profunda, cunha cooperación transfronteiriza extremadamente esixente. Están en xogo impedimentos legais e técnicos ademais dos hábitos culturais. As presentacións dos expertos que participarán nestes foros e os intercambios comparativos servirán para dilucidar todas estas cuestións.

Escola Galega de Administración Pública

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

XACOBEO 2010 Galicia

FOROS SOBRE

A DIRECTIVA SERVIZOS E O INCREMENTO DA COMPETITIVIDADE: UNHA OPORTUNIDADE PARA PORTUGAL, ESPAÑA E GALICIA.

Santiago de Compostela, 15 e 16 de outubro de 2009

EGAP, Rúa de Madrid, 2 - 4. Santiago de Compostela.

FOROS SOBRE

A DIRECTIVA SERVIZOS E O INCREMENTO DA COMPETITIVIDADE: UNHA OPORTUNIDADE PARA PORTUGAL, ESPAÑA E GALICIA.

Santiago de Compostela, 15 e 16 de outubro de 2009

EGAP, Rúa de Madrid, 2 - 4. Santiago de Compostela.

Xoves, 15 de outubro de 2009

09.30h *Recollida de documentación.*

10.00h **Inauguración do I Foro.** Jesús María Gamallo Aller, director xeral de relacións exteriores e coa Unión Europea e Pablo Figueroa Dorrego, director da Escola Galega de Administración Pública.

10.30h **A Directiva dende a perspectiva europea: liñas xerais e marco comparado.** María Canal Fontcuberta. Administradora da Comisión Europea. Dirección General de Mercado Interior.

11.30h *Descanso.*

12.00h **A Directiva servizos como instrumento de concreción do mercado único: en especial, o seu impacto nos contratos públicos.** Serafim Pedro Madeira Froufe. Profesor da Escola de Dereito da Univerdidade do Minho.

13.00h **Coloquio.**

17.00h **Directiva de servizos: licenza de apertura de establecementos comerciais.** Juan Passás. Experto en Dereito da competencia da firma *Linklaters* (Madrid).

18.00h **A repercusión da liberalización do sector da enerxía na Directiva servizos.** Iñigo del Guayo Castiella. Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Almería.

Venres, 16 de outubro de 2009

09.30h **A transposición da Directiva de servizos en Portugal.** Ângelo Cortesão Seiça Neves. Director de Serviços do Desenvolvimento Sustentábel do Ministério da Economia e da Inovação do Goberno Portugués.

10.30h **A Directiva de servizos dende a vertente da competencia.** José Antonio Varela González. Presidente do Tribunal Galego de Defensa da Competencia.

11.00h *Descanso.*

11.30h **A influencia da Directiva europea en España.** Juan Enrique Gradolph Cadierno. Director general de Política Económica. Ministerio de Economía y Hacienda.

12.10h **A repercusión económica da Directiva.** José Manuel Blanco González. Subdirector xeral de Análise e Programación da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e a Unión Europea da Xunta de Galicia.

13.00h **Clausura do I Foro.** Pablo Figueroa Dorrego, director da Escola Galega de Administración Pública.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública galega e interesados en xeral.

Directores:

Juan Raposo Arceo, profesor titular da Universidade da Coruña.

José Manuel Blanco González, subdirector xeral de Análise e Programación da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e a Unión Europea da Xunta de Galicia.

Colaboradores:

María Cayetana Lado Castro-Rial, directora xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

Jaime Bouzada Romero, director xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Xunta de Galicia.

Antonio Manuel López Miño, asesor xurídico da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.